

Luz PICHEL

Polo río, os peixes

Dicir no río viven os peixes
non é unha obviedade,
se os vemos caer na súa beira coma ratas,
encallar.
Coma barcos non,
que a madeira podre
non é peixe morto entre os xuncos,
non fede,
non doe igual.
Dicir no río Umia unha vez houbo un peixe de prata
non é unha metáfora.
Houbo unha volta no río unha troita
non é unha rima fácil.

¿E as miñas beiras?— pregunto.
Obvio —respondo— ¿ves esa ra defunta?

Descanso ao final do rego

Besas como si fueras a comerme
Blas de Otero.

Mírasme coma se me quixeses dar un bico.
Queres que te aloumiñe e dilo
con ollos de auga doce,
escuros coma pozos.

Vou tirar un pelouro a ver que pasa.
Cae o pelouro,
espero un pouco e listo:
alá na escuridade está o fondo.
Alá
soou.

No fondo do pozo seco
había pintas mortas
e tambores de xoubas oxidados.

Que hai nos teus ollos, vaca?

Unha poutada de sal,
un trevo,
unha nube,
dous grans de millo,
unha ola de leite para as castañas da cea?

Unha nena!

Mírasme coma se me quixeses dar un bico.
Íacho eu dar a ti se ninguén me cuspira.

Unha nena...!

Xa o sabía, é verdade.
Eu coñezo o segredo do fondo dos teus ollos,
as caixas de Pandora que aí gardas.

Non me importa ese fio de baba sobre o brazo.
Todo cho hei consentir se ti me deixas descansar do rego
coa cara demorada na túa fronte, ao quente,
mira,
así, desta maneira.
Faime falta durmir
-esta terra nos ollos!
Deixa esa mosca en paz, gallarda,
non te me movas, anda,
vaca, bonitiña.